

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 2 de decembro de 2021, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas do Concello de Oleiros.

Asistentes

- **Presidente:** D^a María José Varela Neira, 1^a Tenente da Alcaldía do Concello de Oleiros.
- **Vocais:**
 - D^a. Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación
 - D^a. Silvia Legaspi Grueiro, TAE de Contratación e Patrimonio
 - D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor da Corporación
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García, administrativo da Área de Contratación
- **Técnicos asistentes á Mesa:**
 - Don Marcos Veiga Rodríguez, técnico de orde pública do Concello de Oleiros
- **Asistentes ao acto público de apertura da oferta económica no expediente 2021/EGCGT/000041: ADQUISICIÓN DE DÚAS FOTOCOPIADORAS PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS (contrato menor)**
 - Dona Ana Pazos Romero, en representación de RICOH ESPAÑA, S.L.U.

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na orde do día:



Orde do día

1.- 2021/CONTRAT/000103: CONSTRUCCIÓN DE COLUMBARIOS EN CEMITERIOS MUNICIPAIS

Acto non público de:

* Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa).

2.- 2021/CONTRAT/000110: SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ANDEIS PARA AS BIBLIOTECAS

Acto de: ⁽¹⁾

* Apertura dos sobres únicos (documentación administrativa e proposición)

* Valoración dos criterios de adxudicación, se procede.

* Proposta de adxudicación, se procede.

(1) O acto de apertura da documentación administrativa será privado, mentres que o acto de apertura dos criterios de adxudicación será público.

3.- 2021/CONTRAT/000112: CONTRATO MIXTO DE ARRENDAMENTO DO CAFÉ-BAR DA CASA DO POBO DE IÑÁS E LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS

Acto non público de:

* Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa)

* Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)

4.- 2021/CONTRAT/000121: SUBMINISTRACIÓN DE ARBORADO 2021

Acto público de:

* Ditame sobre ofertas incursas na situación de ofertas anormalmente baixas.

* Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.

* Proposta de adxudicación, se procede.

5.- 2021/CONTRAT/000130: ACONDICIONAMENTO DA CASA DE MADEIRA DE BASTIAGUEIRO

Acto non público de:

* Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa).



6.- 2021/CONTRAT/000135: ALLEAMENTO, MEDIANTE POXA, DE RESIDUOS METÁLICOS (CHATARRA)

Acto non público de:

* Apertura dos sobres “A” (documentación administrativa).

Acto público de:

* Apertura dos sobres “B” (oferta económica).

* Proposta de adxudicación, se procede

7.- 2021/CONTRAT/000137: ALLEAMENTO DE PARCELAS DO P.M.S. PARA VIVENDAS PLURIFAMILIARES LIBRES

Acto non público de:

* Apertura dos sobres “A” (documentación administrativa).

Acto público de:

* Apertura dos sobres “B” (oferta económica).

* Valoración, se procede, dos sobres “B”

* Proposta de adxudicación, se procede.

8.- 2021/EGCGT/000041: ADQUISICIÓN DE DÚAS FOTOCOPIADORAS PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS (contrato menor)

Acto público de:

* Apertura e valoración, se procede, das ofertas presentadas.

* Proposta de adxudicación, se procede.

Fóra da orde do día

Solicítase autorización para tratar un asunto fóra da Orde do Día, como é:

- **2021/CONTRAT/000086: ALLEAMENTO DE PARCELAS DO PMS PARA A CONSTRUCION DE VIVENDAS UNIFAMILIARES.**

Oferta presentada por ANTONIO PÉREZ BARRIO, S.L. (B-15.716.574) para adquisición das seguintes parcelas:

- PARCELA RP-8.1 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS





- PARCELA RP-8.3 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS
- PARCELA RP-8.4 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS
- PARCELA RP-9.2 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS

En aras de garantir a celeridade e o impulso do procedemento administrativo, a Mesa considera convinte resolver este asunto canto antes para que non se dilate máis no tempo.

En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda a súa urxencia e autoriza a tratar o seguinte asunto:

9.- 2021/CONTRAT/000086: ALLEAMENTO DE PARCELAS DO PMS PARA A CONSTRUCCION DE VIVENDAS UNIFAMILIARES

- Comprobación da documentación administrativa
- Comprobación, se procede, da proposición económica
- Valoración, se procede, da proposición económica
- Proposta de adxudicación, se procede



1.- 2021/CONTRAT/000103: CONSTRUCCIÓN DE COLUMBARIOS EN CEMITERIOS MUNICIPAIS

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2021005397, de 11 de novembro, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da obra “CONSTRUCCIÓN DE COLUMBARIOS EN CEMITERIOS MUNICIPAIS (MCPL01-RT2021)”.

O orzamento da licitación é de 124.145,76 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (26.070,61 €), o que supón un importe de 150.216,37 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 11 de novembro do 2021.

Rematado o día 1 de decembro de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

NOME DA EMPRESA	Nº IDENTIFICACIÓN	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	01-12-2021 13:02
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	B70372032	01-12-2021 18:33

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores denominado “Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa”.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido		Documento no que figura	LÓPEZ CAO	SERGONSA
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre	Cumpre (subcontrata)
Capacidade de obrar		DEUC	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias		DEUC	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social		DEUC	Cumpre	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades		DEUC	Cumpre	Cumpre
Non prohibición de contratar		DEUC	Cumpre	Cumpre





Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre	Cumpre
Estar prerrexistrado no ROLECE	DEUC	Cumpre	Cumpre
Non haber sido adxudicatario dos contratos anteriores de dirección e/ou supervisión da obra	DEUC	Cumpre	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre	Cumpre

A continuación, a Mesa procede á apertura da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo X do PCAP.

Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no Anexo X PCAP; isto é, un programa de traballo.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

SEGUNDO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo X do PCAP.



2.- 2021/CONTRAT/000110: SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ANDEIS PARA AS BIBLIOTECAS

Mediante Resolución da Primeira Tenente da Alcaldía nº 2021005481, de 17 de novembro, aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación do subministro denominado "SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ANDEIS PARA AS BIBLIOTECAS".

O orzamento da licitación é de 52.240,40 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (10.970,48 €), o que supón un importe de 63.210,88 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 17 de novembro do 2021.

Rematado o día 1 de decembro de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

NOME DA EMPRESA	Nº IDENTIFICACIÓN	Data e hora de presentación de oferta
KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA,S.L	B15573207	01-12-2021 15:26
INTERIORES GALICIA, S.L.	B15354327	01-12-2021 20:07
MADERDEZA FORESTAL Y SERVICIOS, S.L.	B94190899	01-12-2021 20:31

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico ÚNICO presentado polos licitadores denominado "Documentación administrativa e proposición".

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido		Documento no que figura	KL-1 MOBILIARIO	INTERIORES GALICIA	MADERDEZA
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Subcontrata instalación. Non presenta DEUC subcontratista
Capacidade de obrar		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre





Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Estar prerrexistrado no ROLECE	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non haber sido adxudicatario dos contratos anteriores de dirección e/ou supervisión da obra	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa detecta que a empresa “Maderdeza Forestal y Servicios, S.L.” manifesta que vai a subcontratar a colocación e instalación dos andeis cunha determinada empresa, pero non aporta o DEUC do subcontratista (anexo III, apartado “aclaracións”, punto 4 do PCAP). A Mesa considera correcta a documentación presentada polo resto das empresas.

Así, dado que se trata dun procedemento simplificado sumario e coa finalidade de acelerar e simplificar o procedemento administrativo o máximo posible; por unanimidade dos asistentes, a Mesa **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Que, no caso de resultar proposta como adxudicataria, se lle requira á empresa “Maderdeza Forestal y Servicios, S.L.” o DEUC da empresa subcontratista xunto co resto da documentación á que refire a cláusula 2.3.2 do prego de cláusulas administrativas.

SEGUNDO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

Xa que logo, de seguido, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, á comprobación da oferta económica e as referencias avaliadas automaticamente das empresas admitidas a esta licitación, resultando que cada unha das empresas presenta a seguinte oferta:

CRITERIO		KL-1 MOBILIARIO	INTERIORES GALICIA	MADERDEZA
OFERTA ECONÓMICA	IMPORTE	49.157,46 € (59.480,53 IVE incl.)	50.544,00 € (61.158,24 IVE incl.)	48.201,00 € (58.323,21 € IVE incl.)
	PUNTOS	8,26 / 30,00	4,55 / 30,00	10,82 / 30,00
REDUCCIÓN DO PRAZO DE ENTREGA E INSTALACIÓN	PRAZO	2 semanas	5 semanas	4 semanas
	PUNTOS	5,00 / 5,00	2,00 / 5,00	3,00 / 5,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE ÚNICO		13,26 / 35,00	6,55 / 35,00	13,82 / 35,00

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:





POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL
1	MADERDEZA FORESTAL Y SERVICIOS, S.L.	B94190899	13,82 / 35,00
2	KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA,S.L	B15573207	13,26 / 35,00
3	INTERIORES GALICIA, S.L.	B15354327	6,55 / 35,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

TERCEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de subministro denominado "SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ANDEIS PARA AS BIBLIOTECAS" á empresa MADERDEZA FORESTAL Y SERVICIOS, S.L. (B94190899) por un importe de 48.201,00 € (58.323,21 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.



3.- 2021/CONTRAT/000112: CONTRATO MIXTO DE ARRENDAMENTO DO CAFÉ-BAR DA CASA DO POBO DE IÑÁS E LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2021004987, de 21 de outubro, aprobouse o procedemento para a contratación da execución do contrato mixto privado e de servizos “CONTRATO MIXTO DE ARRENDAMENTO DO CAFÉ-BAR DA CASA DO POBO DE IÑÁS E LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS”.

O orzamento da licitación, para un período de tres anos, é de 186,33 € .

Debe terse en conta que o artigo 7. 9º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido declara como non suxeitas ao imposto as concesións e autorizacións administrativas.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 206 de 28 de outubro do 2021 e no Perfil do Contratante do órgano de contratación tamén o día 28 de outubro do 2021.

Rematado o día 29 de novembro de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

NOME DA EMPRESA	Nº IDENTIFICACIÓN	Data e hora de presentación de oferta
CRISTIAN LEONARDO VELÁZQUEZ SOTO	58002739M	12/11/2021 10:17:27, nº de rexistro 2021019070
LORENA VÁZQUEZ OTERO	46905586F	29/11/2021 12:30:43, nº de rexistro 2021020305

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores denominado “Documentación administrativa”.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considéraa correcta.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas persoas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede á comprobación da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados na cláusula 3.1.7.1. do PCAP, introducida no sobre número 2, “Criterios subxectivos sometidos a avaliación previa”. Así, resulta que os licitadores presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos na cláusula 3.1.7.1. do PCAP, e que consiste nun plan de explotación.

Dado que só se presentaron dúas ofertas e coa finalidade de acelerar o máis posible a tramitación do expediente, a Mesa decidiu que neste mesmo acto se proceda á avaliación do sobre 2, remitindo ao técnico de orde público do Concello de Oleiros as ofertas para que as analice e emita informe ao



respecto.

Emitido o correspondente informe, reanúdase o asunto a tratar na Mesa de Contratación.

O técnico designado, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, se ben foi publicitado na Plataforma de Contratación do Estado o día 30 de novembro de 2021; dá conta do informe emitido explicándolle á Mesa os razoamentos e as conclusións obtidas. O informe será colgado na Plataforma de Contratación do Estado xunto coa presente acta, para a súa consulta polas persoas interesadas en coñecer o contido do mesmo.

Así, as puntuacións outorgadas neste informe serían as seguintes:

LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE Nº 2- PLAN DE EXPLOTACIÓN
CRISTIAN LEONARDO VELÁZQUEZ SOTO	45,00 / 50,00
LORENA VÁZQUEZ OTERO	35,00 / 50,00

A Mesa procede, a continuación, á apertura dos sobres nº 3 dos licitadores admitidos a esta licitación, que conteñen a oferta económica.

Así, da avaliación realizada resultan as seguintes puntuacións:

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN SOBRE Nº 3
	Importe anual, sen IVE	
CRISTIAN LEONARDO VELÁZQUEZ SOTO	198,35 €/ano	43,88 / 50,00
LORENA VÁZQUEZ OTERO	225,00 €/ano	50,00 / 50,00

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSICIÓN	LICITADOR	NIF	Sobre 2	Sobre 3	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CRISTIAN LEONARDO VELÁZQUEZ SOTO	58002739M	45,00 / 50,00	43,88 / 50,00	88,88 / 100,00
2	LORENA VÁZQUEZ OTERO	46905586F	35,00 / 50,00	50,00 / 50,00	85,00 / 100,00

Xa que logo, a Mesa de Contratación, a vista a puntuación obtida polos licitadores presentados, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

SEGUNDO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato mixto privado e de servizos denominado "CONTRATO MIXTO DE ARRENDAMENTO DO CAFÉ-BAR DA CASA DO POBO DE IÑÁS E LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS" a CRISTIAN LEONARDO VELÁZQUEZ SOTO (58002739M) polo canon anual de 198,35 €/ano (exento de IVE); de conformidade co prego de cláusulas técnicas e administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.



4.- 2021/CONTRAT/000121: SUBMINISTRACIÓN DE ARBORADO 2021

Mediante Resolución da Primeira Tenente de Alcalde nº 2021005260, de 4 de novembro, aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración denominada "SUBMINISTRACIÓN DE ARBORADO 2021".

O importe de licitación, para un prazo de execución de dous meses, é de 34.178,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (4.882,50 €) para o lote 1 e un 10% de IVE (1.092,80 €) para o lote 2, o que supón un importe de 40.153,30 € IVE engadido; que se desagrega nos seguintes lotes:

TIPO	IMPORTE S/IVE	IVE	TOTAL
LOTE 1: ÁRBORES ORNAMENTAIS	23.250,00 €	4.882,50 € (21%)	28.132,50 €
LOTE 2: ÁRBORES FROITEIRAS	10.928,00 €	1.092,80 € (10%)	12.020,80 €
TOTAL	34.178,00 €	5.975,30 €	40.153,30 €

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 5 de novembro de 2021.

Rematado o día 19 de novembro de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta	LOTE
VIVEIROS ADOA, S.L.	B36300564	18-11-2021 13:10	1 e 2
JESUS GUTIERREZ SIERRA	07823314W	18-11-2021 17:40	1 e 2
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	B27182682	19-11-2021 09:46	1 e 2
VIVEROS BORRAZAS, S.L.	B15859473	19-11-2021 09:47	1 e 2

En sesión da Mesa de Contratación celebrada con data 23 de novembro de 2021, procedeuse á apertura do arquivo ou sobre electrónico ÚNICO presentado polas licitadoras denominado "Documentación administrativa e proposición".

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa realiza as comprobacións pertinentes e decide admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, á comprobación da oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, comprobando que, consonte ao establecido nos pregos, a oferta presentada para cada un dos lotes por JESUS GUTIERREZ SIERRA (07823314W) atópase incurso en presunción de baixa anormal, acordándose concederlle ao licitador un prazo de cinco días hábiles para xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP; de conformidade co Anexo XII do prego de cláusulas administrativas particulares.



Do mesmo xeito, acórdase a exclusión da proposición presentada ao LOTE Nº 1 desta licitación por VIVEROS BORRAZAS, S.L. (B15859473), por superarse os prezos unitarios fixados como máximos de licitación na súa oferta económica.

Unha vez presentada a documentación por parte de JESUS GUTIERREZ SIERRA (07823314W), esta remítese ao coordinador da Área de Servizos, don Ramón E. Martín Palma, para que a examine e emita informe ao respecto.

Nos informes emitidos con data 30 de novembro de 2021 considéranse xustificadas as ofertas anormalmente baixas presentadas. Estes informes serán publicados na PLACE para o seu coñecemento por calquera interesado ou interesada.

Así, a Mesa de Contratación acorda:

LOTE 1 – Árbores ornamentais

PRIMEIRO.- Que se admita a xustificación de oferta anormalmente baixa presentada por JESUS GUTIERREZ SIERRA (07823314W) para o lote 1.

A continuación, os servizos técnicos da Mesa de Contratación proceden a valorar e puntuar as ofertas admitidas para este lote 1. Así, unha vez realizada a valoración polos servizos técnicos; resulta o seguinte cadro de puntuacións:

NOME DA EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA		REDUCCIÓN DO PRAZO DE ENTREGA		Puntuación TOTAL
	IMPORTE	PUNTOS	SEMANAS	PUNTOS	
VIVEIROS ADOA	21.858,56 € (26.448,97 € IVE incl.)	20,78 / 25,00	4 SEMANAS	10,00 / 10,00	30,78 / 35,00
JESÚS GUTIÉRREZ	14.395,00 € (15.834,50 € IVE incl.)	25,00 / 25,00	4 SEMANAS	10,00 / 10,00	35,00 / 35,00
CALFENSA	21.458,00€ (25.964,18 € IVE incl.)	21,31 / 25,00	4 SEMANAS	10,00 / 10,00	31,31 / 35,00

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL SOBRE ÚNICO
1	JESUS GUTIERREZ SIERRA	07823314W	35,00 / 35,00
2	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	B27182682	31,31 / 35,00
3	VIVEIROS ADOA, S.L.	B36300564	30,78 / 35,00

Con todo, na oferta máis favorable detéctase que, se ben nos pregos se tiña determinado que o IVE aplicable era o tipo xeral do 21%, o licitador realiza a súa oferta aplicando un IVE do 10%. A valoración das ofertas debe realizarse sen IVE, polo que non se xera unha desigualdade entre os licitadores á hora de puntuar as proposicións.



En canto ao tipo aplicable ás árbores ornamentais, tendo en conta a consulta V1202-13 emitida pola Secretaría Xeral de Impostos ao Consumo, de 11 de abril de 2013, e visto o artigo 91.UNO.1.8º) da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, sería, tal e como se estableceu no prego, do 21%.

O artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece expresamente que *“se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada. Pola contra, o cambio ou omisión dalgúñas palabras do modelo, con tal que o un ou a outra non alteren o seu sentido, non será causa bastante para o rexeitamento da proposición”*.

Así mesmo, cando se constaten erros materiais, aínda sendo aritméticos, son susceptibles de rectificación, tal e como o indica o artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Común das Administracións Públicas.

Sobre a posibilidade de corrixir o erro no tipo de IVE aplicable, o ditame da Avogacía do Estado do 26 de marzo de 2009 considera que, de acordo ao principio antiformalista que debe rexer a contratación pública, tales defectos son emendables. Neste mesmo sentido, o Informe 25/2011 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Aragón entendeu que os simples erros de cálculo na consignación do importe do IVE ou no tipo impositivo aplicable son meros defectos formais emendables, xa que a consignación do tipo do IVE é un concepto que vén imposto pola normativa tributaria que se resulte de aplicación e non depende da vontade dos licitadores.

Este ditame establece tamén que a mesa de contratación debe comprobar a exactitude do importe do IVE da proposición presentada polo licitador que vaia a resultar adxudicatario, e darlle a oportunidade de realizar a corrección oportuna, se ben non se precisa un procedemento para realizar esta corrección.

A oferta presentada polo licitador ascende ao seguinte importe, debendo ascender, de conformidade cos pregos e coa consulta V1202-13 emitida pola Secretaría Xeral de Impostos ao Consumo, de 11 de abril de 2013, ao importe que se sinalado a continuación:

	BASE	IVE	TOTAL
oferta realizada - IVE 10%	14.395,00 €	1.439,50 €	15.834,50 €
oferta co IVE a aplicar – IVE 21%	14.395,00 €	3.022,95 €	17.417,95 €

En vista do anterior, a Mesa de Contratación acorda:

SEGUNDO.- Propoñerlle, ao órgano de contratación que solicite aclaración a JESUS GUTIERREZ SIERRA (07823314W) en relación co IVE aplicable á oferta presentada, vistas as cuestións expostas na presente acta.





TERCEIRO.- Proponerlle ao órgano de contratación que, unha vez aclaradas as cuestións relativas ao IVE aplicable á oferta presentada e sempre e cando estas teñan lugar, se proceda á adxudicación do contrato de subministro denominado “**SUBMINISTRACIÓN DE ARBORADO 2021 - LOTE 1 “Árbores ornamentais”**” a JESUS GUTIERREZ SIERRA (07823314W), polos prezos unitarios que a continuación se detallan; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada, e cun orzamento máximo de gasto de 23.250,00 €, aos que se aplica un IVE de 4.882,50 € (21%), facendo un total de 28.132,50 €.

LOTE 1: ÁRBORES ORNAMENTAIS			
DESCRICIÓN	CALIBRE	FORMATO	PREZO UNITARIO SEN IVE
Fagus sylvatica 'Atropurpurea pendula'	20/22	cont.	325,00 €
Hibiscos syriacus	12/14	cont.	75,00 €
Ligustrum japonicum	12/14	cep.	50,00 €
Prunus cerasifera 'Nigra'	14/16	cont.	54,00 €
Citrus aurantium	12/14	cont.	110,00 €
Prunus 'Shogetsu'	14/16	cont.	175,00 €
Pinus pinea	12/14	cep.	50,00 €
Aesculus hippocastanum	14/16	cep.	65,00 €
Hamamelis 'Arnold Promise'	12/14	cont.	150,00 €
Cercis siliquastrum	12/14	cep.	60,00 €
Populus nigra	12/14	cep.	50,00 €
Taxus baccata 'Fastigiata'	12/14	cont.	120,00 €
Liquidambar styraciflua	12/14	cep.	50,00 €
Camelia japonica	16/18	cep.	190,00 €
Metrosideros excelsa	10/12	cont.	130,00 €
Cupressus sempervirens	12/14	cont.	90,00 €
Magnolia grandiflora	12/14	cont.	110,00 €
Cornus florida	12/14	cont.	170,00 €
Parrotia pérsica	14/16	cont.	175,00 €
Fraxinus excelsior	12/14	R.D.	40,00 €
Quercus robur	12/14	cep.	50,00 €
Quercus rubra	12/14	cep.	50,00 €
Morus alba 'Kagayamae'	14/16	R.D.	40,00 €
Acer Freemani 'Autumn blaze'	16/18	cep.	120,00 €
Fagus sylvatica	300/350	cont.	70,00 €
Platanus x hispanica	14/16	cont.	45,00 €
Tamarix gallica	12/14	cont.	60,00 €
Prunus serrulata 'Kanzan'	10/12	cont.	50,00 €
Taxodium disticum	200/250	cep.	125,00 €





Lagunaria marítima	12/14	cep.	120,00 €
Magnolia soulangeana	12/14	cep.	125,00 €
Betula verrucosa alba / utilis	12/14	cont./cep.	40,00 €
Acer Negundo	14/16	cep.	50,00 €
Acer Rubrum	12/14	cep.	50,00 €
Prunus x yedoensis	12/14	cep.	100,00 €
Cedrus atlántica 'Fastigiata'	400+	cep.	120,00 €
Robinea pseudoacacia 'Umbraculifera'	12/14	R.D.	50,00 €
Thuja plicata 'Zebrina'	12/14	cep.	24,00 €
Liriodendro tulipifera	14/16	cont	125,00 €
Lagerstroemia índica	12/14	cont	110,00 €
Cedrus libani	14/16	cont.	120,00 €
Quercus palustris	14/16	cont.	70,00 €
Magnolia stellata	14/16	cont.	175,00 €
Acer sacharinum	14/16	cont.	60,00 €
Pyrus calleriana	14/16	cont.	135,00 €
Arbutus unedo	14/16	cont.	120,00 €

LOTE 2 – Árbores froiteiras

TERCEIRO.- Que se admita a xustificación de oferta anormalmente baixa presentada por JESUS GUTIERREZ SIERRA (07823314W) para o lote 2.

A continuación, os servizos técnicos da Mesa de Contratación proceden a valorar e puntuar as ofertas admitidas para este lote 2. Así, unha vez realizada a valoración polos servizos técnicos; resulta o seguinte cadro de puntuacións:

NOME DA EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA		REDUCCIÓN DO PRAZO DE ENTREGA		PUNTUACIÓN TOTAL
	IMPORTE	PUNTOS	SEMANAS	PUNTOS	
VIVEIROS ADOA	10.274,80 € (11.302,28 € IVE incl.)	20,80 / 25,00	4 SEMANAS	10,00 / 10,00	30,80 / 35,00
JESÚS GUTIÉRREZ	6.810,00 € (7.491,00 € IVE incl.)	25,00 / 25,00	4 SEMANAS	10,00 / 10,00	35,00 / 35,00
CALFENSA	10.300,00 € (11.330,00 € IVE incl.)	20,71 / 25,00	4 SEMANAS	10,00 / 10,00	30,71 / 35,00
BORRAZÁS	9.710,00 € (10.681,00 € IVE incl.)	22,13 / 25,00	4 SEMANAS	10,00 / 10,00	32,13 / 35,00

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL SOBRE ÚNICO
1	JESUS GUTIERREZ SIERRA	07823314W	35,00 / 35,00
2	VIVEROS BORRAZAS, S.L.	B15859473	32,13 / 35,00





3	VIVEIROS ADOA, S.L.	B36300564	30,80 / 35,00
4	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	B27182682	30,71 / 35,00

En vista do anterior, a Mesa acorda por unanimidade:

CUARTO.- Propoñerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de subministro denominado “**SUBMINISTRACIÓN DE ARBORADO 2021 - LOTE 2 “Árbores froiteiras”**” á empresa JESUS GUTIERREZ SIERRA (07823314W), polo importe máximo de 10.928,00 € (12.020,80 €, 10% de IVE incluído), tendo en conta os prezos unitarios que a continuación se detallan; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

LOTE 2: ÁRBORES FRUTAIS			
DESCRICIÓN	CALIBRE	FORMATO	PREZO UNITARIO OFERTADO (IVE excluído)
Ficus carica	12/14	cont.	65,00 €
Castanea sativa	12/14	cep.	40,00 €
Prunus avium	14/16	cont.	65,00 €
Malus domestica	14/16	cont.	65,00 €
Pyrus comunis	14/16	cont.	65,00 €
Prunus domestica 'Golden Japan'	14/16	cont.	65,00 €
Juglans Regia	12/14	cep.	40,00 €



5.- 2021/CONTRAT/000130: ACONDICIONAMENTO DA CASA DE MADEIRA DE BASTIAGUEIRO

Mediante Resolución da Primeira Tenente da Alcaldía nº 2021005339, de 9 de novembro, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da obra “ACONDICIONAMENTO DA CASA DE MADEIRA DE BASTIAGUEIRO (MCPL01-RT2021)”.

O orzamento da licitación é de 63.041,90 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (13.238,80 €), o que supón un importe de 76.280,70 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 9 de novembro do 2021.

Rematado o día 29 de novembro de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

NOME DA EMPRESA	Nº IDENTIFICACIÓN	Data e hora de presentación de oferta
INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES MELCOR, S.L.	B70240593	29-11-2021 12:38
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	B70372032	29-11-2021 18:14
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	B70218185	29-11-2021 20:36

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores denominado “Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa”.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	MELCOR	SERGONSA	DESARROLLA	
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre (subcontrata)	Cumpre (subcontrata)	Contradición entre Anexo IV e DEUC
Capacidade de obrar	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	
Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	
Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	





Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Estar prerrexistrado no ROLECE	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non haber sido adxudicatario dos contratos anteriores de dirección e/ou supervisión da obra	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre

A continuación, a Mesa procede á apertura da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo X do PCAP.

Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no Anexo X PCAP; isto é, un programa de traballo.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación, solicitando aclaración en canto á subcontratación de parte do obxecto do contrato á empresa DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B70218185), dada a contradición detectada entre o declarado sobre a subcontratación no Anexo IV (indícase que efectivamente se subcontratará unha parte da obra) e o DEUC (figura que non haberá subcontratación).

SEGUNDO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo X do PCAP.



6.- 2021/CONTRAT/000135: ALLEAMENTO, MEDIANTE POXA, DE RESIDUOS METÁLICOS (CHATARRA)

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2021005365, de 10 de novembro, aprobouse o procedemento para o alleamento de diverso material de chatarra propiedade do Concello e almacenado nas dependencias da Nave de Servizos Municipais denominado "ALLEAMENTO, MEDIANTE POXA, DE RESIDUOS METÁLICOS (CHATARRA)".

O tipo de licitación (prezo mínimo de saída) é o de 170,00 euros/Tn para a chatarra, e 1.200,00 euros/Tn o cobre PVC.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 10 de novembro do 2021.

Rematado o día 30 de novembro de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

NOME DA EMPRESA	Nº IDENTIFICACIÓN	Data e hora de presentación de oferta
CHATARRERIA BELLAGONA	B70109673	25/11/2021 13:04:17, nº de rexistro 2021020140

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico A presentado polos licitadores denominado "Documentación administrativa".

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considéraa correcta.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Admitir a única licitadora presentada a esta licitación.

Xa que logo, de seguido, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, á apertura dos sobres B denominados "Oferta económica" das empresas admitidas a esta licitación, resultando que cada unha das empresas presenta a seguinte oferta:

CRITERIO		BELLAGONA
OFERTA ECONÓMICA	IMPORTE CHATARRA	240,00 €/Tn
	IMPORTE COBRE	1.500,00 €/Tn

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:





POSIC.	EMPRESA	NIF
1	CHATARRERIA BELLAGONA	B70109673

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

SEGUNDO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato denominado “ALLEAMENTO, MEDIANTE POXA, DE RESIDUOS METÁLICOS (CHATARRA)” á empresa CHATARRERIA BELLAGONA (B70109673) polos importes unitarios seguintes, de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

CRITERIO		BELLAGONA
OFERTA ECONÓMICA	IMPORTE CHATARRA	240,00 €/Tn
	IMPORTE COBRE	1.500,00 €/Tn

Nesta entrega de bens non se repercute IVE, ao tratarse dun suposto de inversión de suxeito pasivo, segundo o artigo 84.Un.2.c da Lei de IVE.



7.- 2021/CONTRAT/000137: ALLEAMENTO DE PARCELAS DO P.M.S. PARA VIVENDAS PLURIFAMILIARES LIBRES

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2021005364, de 10 de novembro, aprobouse o expediente de ALLEAMENTO DE PARCELAS DO P.M.S. PARA VIVENDAS PLURIFAMILIARES LIBRES por procedemento de poxa pública, incluíndose no mesmo as parcelas que a continuación se relacionan:

PARCELA	UBICACIÓN	REF. CATASTRAL	TIPOLOXÍA E USOS	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	VALORACIÓN (sen IVE)
RB 1.2.1 do SUD-11, Xaz-Dorneda	Xaz, Dorneda	4895434NH5949N0001KD	Residencial. Vivenda plurifamiliar (28 vivendas)	4.471,36 m ²	3.360,00 m ²	1.293.230,40 €
RB 1.2.4 do SUD-11, Xaz-Dorneda. Proindiviso 44,87%	Xaz, Dorneda	4895437NH5949N0001XD	Residencial, vivenda plurifamiliar libre, (20 vivendas en total; 9 vivendas na parte do Concello)	2.933,02 m ² (a parte do Concello son 1.316,05 m ²)	2.400,00 m ² (a parte do Concello son 1.076,88 m ²)	414.480,34 €
TOTAL SEN IVE						1.707.710,74 €
IVE 21%						358.619,26 €
TOTAL						2.066.330,00 €
VALOR ESTIMADO A EFECTOS DE DETERMINACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN						1.707.710,74 €

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio de licitación no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 10 de novembro do 2021.

Rematado o día 30 de novembro de 2021 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

NOME DA EMPRESA	Nº IDENTIFICACIÓN	Data e hora de presentación de oferta
NOVA GALIZA URBANIZADORA, S.L.U.	B15731367	29-11-2021 13:07

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico A para o presentado polos licitadores denominado "Documentación administrativa".

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa realiza as seguintes comprobacións

Contido	Documento no que figura	NOVA GALIZA
Autorizacións e declaracións	Anexo I	cumpre
Datos do licitador a efectos de notificación electrónica		
Autorizacións para a consulta de datos		
Non estar incurso en incompatibilidades		
Non prohibición de contratar		
Declaración de sometemento á lexislación española		



Capacidade de obrar	DNI / escritura constitución e CIF	cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias AEAT	Certificado AEAT	cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias ATRIGA	Certificado ATRIGA	cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	Certificado Seguridade social	cumpre
Documento de garantía provisional	Xustificante de ingreso de 64.661,52 €, correspondentes á parcela RB 1.2.1 SUD-11 Xaz	cumpre

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a única empresa presentada a esta licitación.

De seguido procédese, en acto público, ao que non se presenta ningún asistente, á apertura da documentación relativa á oferta económica (Sobre B) resultando as seguintes ofertas a respecto das parcelas que se referencian:

PARCELA	NOVA GALIZA
RB 1.2.1 do SUD-11, Xaz-Dorneda	1.355.000,00 € (1.639.550,00 € IVE incl.)
RB 1.2.4 do SUD-11, Xaz-Dorneda. Proindiviso 44,87%	414.480,34 € (501.521,21 € IVE incl.)

Consonte á cláusula 5.1.4.2. do PCAP, a persoa interesada poderá incluír no mesmo **Anexo II** a súa oferta para varias parcelas. Neste caso, unha vez abertas as ofertas presentadas e ordenadas de maior a menor para cada unha das parcelas, no caso de ser adxudicataria unha mesma persoa de varias parcelas, requiriráselle para que ratifique a súa oferta a todas aquelas nas que sexa proposto como adxudicatario ou ben para que decida cales de aquelas quere finalmente adquirir, renunciando polo tanto ao seu dereito sobre aquelas que decida rexeitar, conferíndoselle a tales efectos un prazo de 3 días hábiles. No caso de finalmente optar por adquirir varias parcelas, deberá presentarse, xunto co escrito no que se manifeste tal opción, unha garantía do 5% do orzamento base de licitación (sen IVE) de cada unha das parcelas a adquirir, salvo daquela de maior importe, para a que operará como garantía a presentada consonte ao apartado 5.1.4.1 PCAP. De optar por non adquirir ningunha das parcelas, será incautada a garantía depositada con carácter previo.

Así, e visto que NOVA GALIZA URBANIZADORA, S.L.U. presenta a súa oferta a varias parcelas e unha única garantía, a Mesa de Contratación acorda:

SEGUNDO.- Conferir a NOVA GALIZA URBANIZADORA, S.L.U. (B15731367) un prazo de 3 días hábiles para que manifeste o seu interese en rexeitar ou adquirir a totalidade las parcelas ás que presentou oferta, de conformidade co establecido na cláusula 5.2.2.2 do PCAP. No caso de finalmente optar por adquirir varias parcelas, deberá presentarse, xunto co escrito no que se manifeste tal opción, unha garantía do 5% do orzamento base de licitación (sen IVE) de cada unha das parcelas a adquirir, salvo daquela de maior importe, para a que operará como garantía a presentada consonte ao apartado 5.1.4.1 PCAP.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación, en aplicación do disposto na cláusula 5.2.1 PCAP, acorda:





TERCEIRO.- Remitir a seguinte clasificación das ofertas presentadas ao órgano de contratación, para que, unha vez realizadas as emendas referidas no anterior apartado SEGUNDO, acorde a adxudicación das parcelas á oferta máis vantaxosa.

PARCELA	LICITADOR	IMPORTE OFERTADO
RB 1.2.1 do SUD-11, Xaz-Dorneda	NOVA GALIZA URBANIZADORA, S.L.U. (B15731367)	1.355.000,00 € (1.639.550,00 € IVE incl.)
RB 1.2.4 do SUD-11, Xaz-Dorneda. Proindiviso 44,87%	NOVA GALIZA URBANIZADORA, S.L.U. (B15731367)	414.480,34 € (501.521,21 € IVE incl)



8.- 2021/EGCGT/000041: ADQUISICIÓN DE DÚAS FOTOCOPIADORAS PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS (contrato menor)

Detectada a necesidade de adquisición por parte do Concello de Oleiros de contratar a adquisición de dous equipos multifunción, fotocopiadora-impresora-escáner, e o seu mantemento integral, para o Departamento de Servizos Sociais; acórdase a tramitación a través dun contrato menor (art. 118 LCSP).

Con data 22 de novembro de 2021 solicítase orzamento ás empresas referidas a continuación:

NOME DA EMPRESA	Nº IDENTIFICACIÓN
RICOH ESPAÑA, S.L.U.	B82080177
SOLITIUM NOROESTE, S.L.U.	B15361348
VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	A15717606
XESTIÓN INFORMÁTICA DE FOMENTO, S.L.	B15678493

Rematado o prazo de presentación de ofertas o día 1 de decembro de 2021, resulta que se presentaron as seguintes:

NOME DA EMPRESA	Nº IDENTIFICACIÓN	Data e hora de presentación de oferta
RICOH ESPAÑA, S.L.U.	B82080177	NRE 2021020469, de 01 de decembro de 2021, 09:12:32 horas
SOLITIUM NOROESTE, S.L.U.	B15361348	NRE 2021020421, de 30 de novembro de 2021, 13:26:20 horas
VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	A15717606	NRE 2021020207, de 26 de novembro de 2021, 12:04:22 horas
XESTIÓN INFORMÁTICA DE FOMENTO, S.L.	B15678493	NRE 2021020501, de 01 de decembro de 2021, 12:14:34 horas

Neste intre, pola Mesa de Contratación procédese á comprobación da documentación administrativa presentada polas empresas participantes.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir as ofertas de tódalas empresas presentadas.

Xa que logo, de seguido, a Mesa procede á comprobación da oferta económica e as referencias avaliadas automaticamente das empresas admitidas, en presenza de dona Ana Pazos Romero, en representación de RICOH ESPAÑA, S.L.U. A documentación presentada polas licitadoras admitidas é remitida aos servizos económicos para a súa correspondente avaliación, resultando que estes comprobaban que, consonte ao establecido nos pregos, ningunha das empresas se atoparía en situación





de oferta anormalmente baixa. Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación proceden a valorar e puntuar as ofertas presentadas polas licitadoras. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

	RICOH	SOLITIUM - NEA F3 IBÉRICA	VSM SISTEMAS CORUÑA - CANON	XEINFO
OFERTA ECONÓMICA	4.800,00 € (5.808,00 € IVE incl.)	4.360,82 € (5.276,59 € IVE incl.)	4.716,78 € (5.707,30 € IVE incl.)	EQUIPOS REMANUFACTURADOS E INDETERMINACIÓN NO EQUIPO OFERTADO. EXCLUSIÓN DA OFERTA.
	11,00 puntos	18,00 puntos	12,00 puntos	
PREZO POR MANTEMENTO	1.061,69 € (1.284,64 € IVE incl.)	1.303,09 € (1.576,74 € IVE incl.)	1.154,61 € (1.397,08 IVE incl.)	
Copias en branco e negro	0,0042 € sen IVE	0,0057 € sen IVE	0,0053 € sen IVE	
puntos	5,00 puntos	3,68 puntos	3,96 puntos	
Copias en cor	0,0250 € sen IVE	0,0298 € sen IVE	0,0260 € sen IVE	
puntos	5,00 puntos	4,19 puntos	4,81 puntos	
PRAZO DE ENTREGA DOS EQUIPOS	1-7 días	1-7 días	1-7 días	
	4,00 puntos	4,00 puntos	4,00 puntos	
PRAZO RESPOSTA SERVIZO TÉCNICO	Na mesma xornada laboral	Na mesma xornada laboral	Na mesma xornada laboral	
	4,00 puntos	4,00 puntos	4,00 puntos	
PRAZO SUBMINISTRO CONSUMIBLES	Na mesma xornada laboral	Na mesma xornada laboral	Na mesma xornada laboral	
	4,00 puntos	4,00 puntos	4,00 puntos	
TOTAL	33,00 puntos	37,88 puntos	32,77 puntos	

A valoración realizouse de xeito provisional no propio acto público, resultando nun primeiro momento como adxudicataria RICOH ESPAÑA S.L.U, a expensas de revisión das puntuacións outorgadas polos servizos económicos da Mesa. Unha vez producida esta revisión, non atopándose presente xa dona Ana Pazos Romero, detéctase un erro aritmético nas mesmas, que dá lugar ás puntuacións que se reflicten na táboa anterior. Así, a oferta mellor valorada consonte aos criterios establecidos no prego sería a de SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. (B15361348).

Por outra banda, a oferta de XESTIÓN INFORMÁTICA DE FOMENTO, S.L. (B15678493) refírese a equipos manufacturados. Preténdese polo Concello a adquisición de produtos novos, como se deduce dos pregos, por resultar estes máis eficientes e cunha vida útil máis longa que os remanufacturados.



É por iso que a Mesa propón ao órgano de contratación o seguinte:

PRIMEIRO.- que se exclúa a oferta de XESTIÓN INFORMÁTICA DE FOMENTO, S.L. (B15678493) por referirse a equipos remanufacturados, que non cumpren coas expectativas da Administración.

A continuación, realízase a seguinte clasificación das ofertas presentadas:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL
1	SOLITIUM NOROESTE, S.L.U.	B15361348	37,88 puntos
2	RICOH ESPAÑA, S.L.U.	B82080177	33,00 puntos
3	VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	A15717606	32,77 puntos

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

SEGUNDO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato menor denominado “ADQUISICIÓN DE DÚAS FOTOCOPIADORAS PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS” á empresa SOLITIUM NOROESTE, S.L.U.(B15361348) polos seguintes importes; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

OFERTA ECONÓMICA PARA A ADQUISICIÓN DE DOUS EQUIPOS	
4.360,82 € (5.276,59 € IVE incl.)	
PREZO POR MANTEMENTO	
Copias en branco e negro	0,0057 € sen IVE
Copias en cor	0,0298 € sen IVE



9.- 2021/CONTRAT/000086: ALLEAMENTO DE PARCELAS DO PMS PARA A CONSTRUCCION DE VIVENDAS UNIFAMILIARES

Mediante Decreto 2021003530, de 19 de xullo de 2021, e trala celebración dun procedemento de poxa no que quedaron parcelas non adxudicadas, aprobouse o expediente de ALLEAMENTO DE PARCELAS DO PMS PARA VIVENDAS UNIFAMILIARES, incluíndose no mesmo, entre outras, as parcelas que a continuación se relacionan:

PARCELA	UBICACIÓN	TIPOLOXÍA E USOS	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	VALORACIÓN SEN IVE
PARCELA RP-8.1 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS	Rúa Alemania - Dorneda, 15178	Residencial. Vivenda unifamiliar pareada de natureza patrimonial	626,83 m ²	460,00 m ²	150.491,99 €
PARCELA RP-8.3 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS	Rúa Suiza - Dorneda, 15178	Residencial. Vivenda unifamiliar pareada de natureza patrimonial	603,15 m ²	460,00 m ²	150.491,99 €
PARCELA RP-8.4 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS	Rúa Suiza - Dorneda, 15178	Residencial. Vivenda unifamiliar pareada de natureza patrimonial	603,18 m ²	460,00 m ²	150.491,99 €
PARCELA RP-9.2 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS	Rúa Suiza - Dorneda, 15178	Residencial. Vivenda unifamiliar pareada de natureza patrimonial	602,34 m ²	460,00 m ²	150.491,99 €

Con data de 1 de decembro de 2021 (NRE redSARA REGAGE00025492060), e con entrada no Concello NRE 2021020540, de 2 de decembro de 2021, preséntase no Rexistro de entrada do Concello de Oleiros solicitude para a adquisición das seguintes parcelas:

PARCELA	Prezo	ADXUDICATARIO/A
PARCELA RP-8.1 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS	150.491,99 € (182.095,31 IVE incl.)	ANTONIO PEREZ BARRIO, S.L. (B-15.716.574)
PARCELA RP-8.3 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS	150.491,99 € (182.095,31 IVE incl.)	
PARCELA RP-8.4 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS	150.491,99 € (182.095,31 IVE incl.)	
PARCELA RP-9.2 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS	150.491,99 € (182.095,31 IVE incl.)	

Así, a Mesa estuda a documentación presentada pola licitadora, para comprobar se procedería a adxudicación de ámbalas dúas parcelas de conformidade co establecido nos pregos:

	ANTONIO PEREZ BARRIO, S.L.
Anexo I do PCAP, denominado "Declaración sobre o cumprimento de requisitos previos"	presentado





Copia do NIF		presentada
Escritura de constitución		presentada
Certificados de ausencia de débedas	AEAT	Presentado
	ATRIGA	presentado
	Concello	a requirir á Área de Recadación
	TXSS	presentado
copia de xustificante de ingreso de garantía	RP 8.1 XAZ	7.524,60 €
	RP 8.3 XAZ	7.524,60 €
	RP 8.4 XAZ	7.524,60 €
	RP 9.2 XAZ	7.524,60 €
Anexo II, oferta económica		presentado

Así, a documentación presentada está completa, a expensas de comprobación pola Tesourería municipal de ausencia de débedas do adxudicatario coa Facenda do Concello de Oleiros, trámite que se leva a cabo internamente e para o que o licitador dá a súa conformidade.

Así, a Mesa, por unanimidade dos asistentes, propón ao órgano de contratación:

PRIMEIRO.- que se adxudiquen as seguintes parcelas ao seguinte licitador e polos seguintes prezos, unha vez se comprobe que se atopa ao corrente do cumprimento das débedas coa Facenda do Concello de Oleiros:

PARCELA	Prezo	ADXUDICATARIO/A
PARCELA RP-8.1 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS	150.491,99 € (182.095,31 IVE incl.)	ANTONIO PEREZ BARRIO, S.L. (B-15.716.574)
PARCELA RP-8.3 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS	150.491,99 € (182.095,31 IVE incl.)	
PARCELA RP-8.4 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS	150.491,99 € (182.095,31 IVE incl.)	
PARCELA RP-9.2 – PROYECTO DE COMPENSACION DEL PLAN PARCIAL SUD-11 XAZ - DORNEDA - OLEIROS	150.491,99 € (182.095,31 IVE incl.)	

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e prace da Presidenta.

En Oleiros, asinado dixitalmente pola Secretaria da Mesa de Contratación, don José Manuel Díaz García, e a presidenta da Mesa de Contratación dona María José Varela Neira, 1ª Tenente da Alcaldía do Concello de Oleiros.

